

## FERNANDO TORRES



Este rapaz con só 20 anos xa se converteu nunha estrela futbolística e en todo un ídolo para todas nós. Naceu o 20 de marzo de 1984 na cidade de Madrid, aínda que ten raíces galegas xa que os seus avós son de aquí, concretamente da pequena aldea de Gastrar, onde tamén comezou o seu interese polo fútbol con só catro anos.

É un dos moitos futbolistas solidarios, pertence a moitas ONGs e sobre todo gústalle axudar aos máis pequenos, por exemplo este pasado Nadal participou na campaña "Un neno un xoguete". Ademais participa coa Fundación Talita, con Crecer Xogando, con Oliver Mayor e na organización do tamén deportista Lance Armstrong.

O grupo que máis lle gusta é "El canto del loco" e ademais é moi amigo de Dani, o cantante do grupo. Sempre intenta ir a todos os concertos e o último CD que comprou foi o seu directo.

Moitos din del que é o Beckham español, xa que ademais de ser o ídolo das rapazas é o exemplo a seguir dos rapaces. Son moi coñecidos os seus cortes de pelo: mechas louras, extensións, cresta, pelo de punta... ademais de todo isto encántalle a moda, entre os seus favoritos están Custo, Replay, Dolce & Gabbana, Hugo Boss e Pepe Jeans, do que é imaxe este ano!!! A pesar de todo isto el afirma que non gasta moito diñeiro en roupa, que só compra o que lle senta ben. Ademais da roupa gústalle os reloxos grandes.

Cando chegou á maioría de idade, cumpriu un dos seus antollos: sacar o carné de conducir, sacouno con bastante facilidade. Ao conseguilo comprou un impresionante Porsche, aínda que o acaba de cambiar por un potente Hummer.

No seu tempo libre ten unha adicción: a Play Station. Torres non ten suficiente co seu traballo e cando chega á casa engáñchase á máquina. Ademais outra das súas afeccións é xogar ao billar, que por certo se lle dá moi ben.

Olalla Vázquez Varela, Marta Pájaro Varela, Iria Arias Pintor.

## ANÁLISE DA LIGA

Nestes intres a Liga das estrelas non pode estar máis interesante. F.C.Barcelona e Real Madrid son os principais clubs que están en boca da xente á hora de formular as apostas con respecto a onde irá parar o título ligueiro.

A miña opinión, baseada na realidade da clasificación, é que o título ligueiro finalmente será acadado polo Barça, xa que é un equipo moi sólido comezando polo porteiro que, con Casillas, é dos mellores de España. A defensa esta marcada por xogadores de tanta autoridade e potencia como Puyol. No Centro do campo destacan a calidade e visión de xogo de Xavi que acadará o seu froito en forma de goles coa dianteira mellor do mundo.

Son moitos os puntos que separan a este equipo dos "Galácticos" de Florentino Pérez. Non vexo capaz o Madrid de acadar o liderato a pesar de contar con figuras tan determinantes como Zinedine Zidane, Luís Figo, Ronaldo...que contan coa fama mundial tanto polas súas actuacións coas seleccións como polo seus anuncios publicitarios.

O DEPOR estou practicamente seguro de que acadará postos de Europa porque ten que demostrar que segue sendo un dos mellores clubs en todo o mundo.

Remato facendo referencia á abraiante tempada do Celta de Vigo e a situación dos demais equipos galegos.

Coido que para o próximo ano poderemos gozar do derbi que tanto nos gusta aos afeccionados galegos. Non está en tan bo momento o Pontevedra que, como non poña as pilas, non vai manter a categoría o próximo ano. Tamén é certo que está a ser moi prexudicado polas situacións arbitrais e pola mala sorte. Respecto ao Racing de Ferrol, coida destacar a impresionante actuación de Mario Bermejo, o "pichichi" da segunda división. O Racing fixo unha primeira volta moi boa e agora parece ver cumprido o seu obxectivo, a permanencia.

RAFA.1ºBAC C.